


09 ABR 2018

Certifico:
El Secretario, pd.



ESTUDO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE VOLUMES NO C.E.I.P. San Francisco Javier.

DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

ESTUDO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE VOLUMES NO C.E.I.P. San Francisco Javier. Marzo 2018

DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA



CONTIDO DO DOCUMENTO:

1. MEMORIA XUSTIFICATIVA

- 1.1. PROMOTOR E OBXECTO DO ESTUDO DE DETALLE
- 1.2. ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE
- 1.3. PLANEAMENTO VIXENTE. AFECCIÓNS SECTORIAIS.
 - 1.3.1. Condicións de Planeamento sobre a parcela.
 - 1.3.2. Afeccións de Patrimonio.
 - 1.3.3. Afeccións de Augas.
 - 1.3.4. Afeccións Aeronáuticas.
 - 1.3.5. Afeccións da Lei de Ruído.
 - 1.3.6. Incidencia sobre os instrumentos de ordenación do territorio.
- 1.4. ORDENACIÓN DE VOLUMES PROPOSTA.
- 1.5. CONDICIÓNS DE ESTÉTICA E COMPOSICIÓN.

2. MARCO LEGAL E TRAMITACIÓN DO ESTUDO DE DETALLE.

3. PLANOS.

PLANOS DE INFORMACIÓN.

- Plano I.01. SITUACIÓN DA PARCELA DO CEIP SAN FCO. JAVIER. ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE.
- Plano I.02. VOLUMES DE EDIFICACIÓN EXISTENTES NA PARCELA. IDENTIFICACIÓN DE ALIÑACIÓNS E RASANTES.
- Plano I.03. PXOM 2013. O6 ZONIFICACIÓN.
- Plano I.04. PXOM 2013. G1 XESTIÓN SOLO URBANO.

Plano I.05. SERVIDUMES E AFECCIÓNS SOBRE A PARCELA.

Plano I.06. ZONIFICACIÓN ACÚSTICA SOBRE A PARCELA.

PLANOS DE ORDENACIÓN.

Plano O.01. Ordenación de volumes proposta. Planta

Plano O.02. Ordenación de volumes proposta. Alzados.

Plano O.03. Ordenación de volumes proposta. Seccións.

A Coruña, marzo de 2018

O xefe do Dpto. de Planeamento,

Oscar Luis Peña Sánchez.

O xefe do Servizo de Planeamento e
Xestión

Juan Carlos Prado del Valle.





1. MEMORIA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN.

1.1. PROMOTOR E OBXECTO DO ESTUDO DE DETALLE.

O estudo de detalle, expediente 631/2015/382 (EDD-5/15), é promovido polo Servizo de Edificación do Concello de A Coruña e redactado polo Departamento de Planeamento.

O obxecto do documento é a realización dunha ordenación de volumes no espazo sen edificar da parcela do CEIP San Francisco Javier, que permita a realización dunha cuberta para protexer da intemperie parte da zona do patio na que se desenvolven actividades deportivas e de lecer polos alumnos do centro, aos efectos de protexelos das inclemencias meteorolóxicas.

De xeito adicional prodúcese un pequeno reaxuste da aliñación norte da parcela, aos efectos de incluír nela, unha esquina do polideportivo existente que o PXOM deixou fóra de ordenación.

Por último o estudo de detalle inclúe unhas condicións estéticas que terán que cumprir todas as construcións previstas no presente documento.

1.2. ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE.

O ámbito do estudo de detalle é a parcela catastral 8504301NJ4080S, sita entre a Avda. Alcalde Pérez Ardá, a Rolda de Outeiro, a Rúa Roberto Tojeiro Díaz e a prolongación da Rúa Ponte até a Rúa Chile, cunha superficie total de 9.496,42 m²_s, segundo medición realizada sobre a cartografía municipal do plan.

A cota máis alta da parcela é de +8,68 m.s.n.m., correspondendo á esquina suroeste.

A parcela está edificada con dous volumes de edificación existentes. Un, é o centro educativo (1.290,43 m² de ocupación), e o outro, un pavillón deportivo (1.666,89 m² de ocupación). O resto da parcela (6.623,70 m²) está sen edificar e úsase como espazo deportivo e de lecer do centro educativo.

1.3. PLANEAMENTO VIXENTE. AFECCIÓN S SECTORIAIS.



1.3.1. Condición s de Planeamento sobre a parcela.

O Concello de A Coruña conta cun Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente pola Orde do 25 de febreiro de 2013, ditada polo Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (DOG nº 48, do 8 de marzo de 2013; BOP nº 129, do 9 de xullo de 2013).

O ámbito obxecto da modificación puntual está clasificado polo PXOM de 2013 vixente como solo urbano consolidado, coa cualificación urbanística de equipamento educativo de titularidade pública “ED (Pb)”.

A anterior cualificación urbanística supón que a parcela está suxeita ao cumprimento das condicións reguladas no artigo 5.2.6.1. Clase dotacional de equipamento, e artigo 7.2.8. Norma Zonal 8. EQUIPAMENTOS, das Normas Urbanísticas do PXOM/13, segundo a redacción dada pola MPX-3/15, aprobada definitivamente polo Pleno municipal de data 8 de maio de 2017 (BOP núm. 129, do 10 de xullo).

O artigo 5.2.6.1. define e clasifica os usos dotacionais, e regula as condicións de uso que deben cumprir as parcelas e edificios de uso dotacional. Teñen incidencia na conformación do edificio e urbanización interior da parcela.

O artigo 7.2.8. *NORMA ZONAL 8. EQUIPAMENTOS* determina as condicións de aproveitamento, tipolóxicas e de implantación dos equipamentos.

En cumprimento do disposto no apartado 4.- Condicións da edificación do anterior artigo, a ordenación volumétrica das parcelas de equipamento, fixarase mediante a tramitación dun estudo de detalle.

Ao tratarse dun equipamento de titularidade pública, a regulación da edificación que se constrúa sobre a parcela virá dada polo contido dos apartados 4.1.- Condicións comúns, e 4.3.- Equipamentos públicos.

No apartado 4.3. deste artigo establece a seguinte determinación sobre condicións tipolóxicas e de implantación:

“Los equipamientos y dotaciones se adaptarán tipológicamente a la ordenación de la zona dónde se encuadran y mantendrán condiciones de composición urbanística

acordes con la misma, respetando y manteniendo las alineaciones de su manzana y colindantes. El resto de los parámetros urbanísticos son libres. No obstante, se podrá adaptar las condiciones de la edificación, estándares y programas correspondientes a su legislación específica, mediante la redacción de un Estudio de Detalle”.

1.3.2. Afecciones de Patrimonio.

A parcela obxecto do estudo de detalle está inserida no ámbito correspondente ao territorio histórico do Camiño de Santiago Inglés, segundo a delimitación aprobada polo Decreto 110/2014, do 4 de setembro, da Xunta de Galicia.

O seu trazado difire do recollido no PXOM, pois mentres que no plan o itinerario representase polo eixo definido pola Avda. de Lavedra – Rúa Castiñeiras – Avda. de Los Monelos (segundo información facilitada pola Consellería de Cultura nos informes emitidos na tramitación do PXOM), na delimitación aprobada polo decreto da Xunta de Galicia, o camiño descorre pola Praza de Toubes Pego – Avda. Alcalde Pérez Ardá – Avda. de Los Monelos, pola fronte do equipamento previsto.

A entrada en vigor da Lei 5/16, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, en concordancia co decreto anterior, supoñen que sobre a parcela existen as seguintes afeccións:

- Territorio histórico do Camiño: Incluída a totalidade da parcela.
- Franxa de tres metros paralela á traza: fronte da parcela paralela á Avda. Alcalde Pérez Ardá.

Recollidas no plano I.05. SERVIDUMES E AFECCIÓNS SOBRE A PARCELA, incluído ao final do documento.

As anteriores determinacións supoñen que sobre a parcela haberá que ter en conta as determinacións contidas nos artigos 73 a 82 da LPCG/16, en substitución da regulación contida nos artigos 4.1.10 e seguintes das Normas Urbanísticas do PXOM/13, no que resulte de aplicación.

Máis abondo hai que sinalar que o Concello de A Coruña ten iniciado un expediente de modificación do PXOM vixente, cara a incorporación ao mesmo das determinacións do

trazado aprobado no Decreto de delimitación do Camiño de Santiago Inglés (MPX-3/14; 631/2014/247).

1.3.3. Afeccións de Augas.

Baixo a parcela, con forma de arco, dende a esquina suroeste até a nordeste, descorre a canalización soterrada do Río Monelos (a tres metros cincuenta centímetros de profundidade), nunha franxa de seis metros e corenta centímetros (6,40) de largo, producindo as afeccións reguladas no Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas (LA/01), e o Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o regulamento do Dominio Público Hidráulico (RLA/86), seguintes:

- Dominio público hidráulico: proxección horizontal sobre a parcela da bacía soterrada.

Recollidas no plano I.05 SERVIDUMES E AFECCIÓNS SOBRE A PARCELA, incluído ao final do documento.

As anteriores determinacións supoñen que a franxa da parcela baixo a que descorre o soterramento está suxeita ao cumprimento das determinacións sobre as concesións de obras e autorización de usos, reguladas na sección 5ª, capítulo III do Título II do RLA/86.

De xeito adicional hai que sinalar que de conformidade co sinalado no informe de data 12 de setembro de 2017, emitido por Augas de Galicia, a parcela está afectada pola ARPSI ES014-CO-11-02-03-03, o que supón a necesidade de ter en conta todas as determinacións establecidas na normativa do Plan Hidrolóxico Galicia Costa e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico con respecto da zona de fluxo preferente e zonas inundábeis.

Por último, de conformidade co informe favorábel de data 13 de marzo de 2018, emitido polo Subdirector Xeral de Xestión do Dominio Público, as actuacións que se proxecten deberán ter en conta o seguinte:

“1. Toda actuación proxectada na zona de Dominio Público Hidráulico e nas súas zonas de protección necesitará da preceptiva autorización por parte do organismo de cunca.

2. *Non se autorizará ningún proxecto construtivo, nin ningún outro tipo de documento de definición da actuación, no que se contemple a colocación dos pilares, ou calquer outro elemento de carácter estrutural, sobre a canalización do río Mesoiro de cara a preservación de dita canalización e a protección de persoas e bens."*

Cuestións estas que se trasladan como condicións de deseño contidas no apartado 1.6. do presente documento.

1.3.4. Afeccións Aeronáuticas.

A totalidade da parcela está incluída na proxección horizontal da superficie cónica exterior das servidumes aeronáuticas do aeroporto de A Coruña (cotas 230 a 237), polo que as actuacións sobre esta deberán ter en conta a regulación contida na Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre Navegación Aérea e no Real Decreto 297/2013, do 26 de abril, polo que se modifica o Decreto 584/1972, do 24 de febreiro, de Servidumes Aeronáuticas.

As servidumes aeronáuticas proceden do Plan Director do Aeroporto de A Coruña, aprobado por Orde do Ministerio de Fomento do 31 de xullo de 2001 (BOE núm. 220, do 13 de setembro), definidas en base á lexislación anterior.

As afeccións reflíctense no plano I.05 SERVIDUMES E AFECCIÓNS SOBRE A PARCELA, incluído ao final do documento.

As superficies limitadoras das servidumes aeronáuticas anteditas, que afectan a dito ámbito, determinan as alturas (respecto do nivel do mar) que non debe exceder ningunha construción (incluídos todos os seus elementos como antenas, pararraios, chemineas, equipos de aire acondicionado, caixas de aparellos elevadores, carteis, remates decorativos, etc), modificacións do terreo ou obxecto fixo (postes, antenas, aeroxeneradores incluídas as súas pas, carteis, etc.), así como o gálibo de viario ou vía férrea.

De conformidade co antedito, a execución de calquera construción, instalación (postes, antenas, aeroxeneradores – incluídas as pas –, medios necesarios para a construción (incluídos os guindastes de construción e semellantes)) ou plantación, requirirá acordo favorábel previo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA), consonte aos artigos 30 e 31 do Decreto 584/72 na súa actual redacción.

1.3.5. Afeccións lei do Ruído.

De conformidade co disposto na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, e no Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a lei anterior, en cumprimento do regulado no artigo 5. Delimitación dos distintos tipos de áreas acústicas, incorpórase no documento, o plano I.06. ZONIFICACIÓN ACÚSTICA SOBRE A PARCELA, que reflicte os límites sonoros máximos admisíbeis por zonas, establecidos no documento do PXOM/13.

1.3.6. Incidencia sobre os instrumentos de ordenación do territorio.

Considerando que o ámbito e alcance da proposta afecta unicamente á ordenación pormenorizada de solo urbano consolidado e tratándose de obxectivos de ordenación que resolven e potencian a cohesión social da poboación, considérase que non existe incidencia negativa que precise de xustificación en relación ás determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio nin do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.

1.4. ORDENACIÓN DE VOLUMES PROPOSTA.

Tal e como se relatou no apartado 1.2. do estudo de detalle, sobre a parcela na actualidade hai construídos dous edificios: o primeiro, destinado a centro de ensino; e o segundo, a pavillón polideportivo; na situación e cos volumes indicados nos planos de información urbanística I.02. VOLUMES DE EDIFICACIÓN EXISTENTES NA PARCELA. IDENTIFICACIÓN DE ALIÑACIÓNS E RASANTES..

De conformidade coas necesidades manifestadas polo Servizo de Edificación do Concello, a maiores das construcións anteriores, cumpre realizar unha estrutura de cuberta parcial do patio, de 50,00 x 30,00 metros (longo por largo) como máximo e 9,00 metros de altura, capaz de albergar unha pista deportiva de 43,00 x 23,00 metros, máis espazos de estancia cubertos lindeiros co anterior.

O artigo 7.2.8. Norma Zonal de Equipamentos das NN.UU. do PXOM/13, no seu apartado 4.3. Equipamentos públicos, indica que os equipamentos e dotacións se adaptarán tipoloxicamente á ordenación da zona na que se insiren e manterán as condicións de composición urbanística acordes con esta, respectando e mantendo as aliñacións da súa mazá e lindeiras. O resto dos parámetros urbanísticos son libres.

Non obstante o anterior, poderanse adaptar as condicións de edificación, estándares e programas a súa lexislación específica, mediante a redacción dun estudo de detalle.

En cumprimento do anterior, o estudo de detalle recoñece os dous volumes de edificación existentes na parcela (centro escolar e polideportivo), propoñendo ademais a definición dunha área de movemento de 3.100 m² de superficie, no espazo libre da parcela comprendido entre as construcións anteriores, tal e como se grafía no plano O.01. ORDENACIÓN DE VOLUMES PROPOSTA. PLANTA.

O anterior espazo está atravesado de suroeste ao nordeste polo soterramento do Río Mesoiro, impedindo, de conformidade cos informes emitidos por Augas de Galicia, que se realicen propostas de ordenación nas que se contemple a colocación dos piares de soporte da cuberta sobre a canalización do Río.

Esta condición supón que o novo volume proposto na anterior área de movemento para cubrición do patio, ou se coloca nun ámbito completamente fóra da canalización, ou ben proxéctase a cabalo desta.

De xeito adicional, na área de movemento delimitada, permitirase a realización de pérgolas cubertas, de tres (3) metros de largo máximo e tres (3) metros de altura máxima, aos efectos de comunicar a estrutura de cuberta do patio coas edificacións xa existentes. Aos efectos de resolver os encontros da pérgola coas construcións da parcela admitirase superar a dimensión dos dous metros.

As previsións de ordenación de volumes sobre a parcela recóllense nos planos O.01. ORDENACIÓN DE VOLUMES PROPOSTA. PLANTA; O.02. ORDENACIÓN DE VOLUMES PROPOSTA. ALZADOS; e, O.03. ORDENACIÓN DE VOLUMES PROPOSTA. SECCIÓNES.

As novas estruturas proxectadas suporán unha ocupación máxima dun sesenta por cento (60%) da área de movemento delimitada.

As anteriores determinacións compren coas determinacións esixidas para os estudos de detalle no artigo 198.2, do Decreto 143/2016, do regulamento da Lei do Solo de Galicia, xa que:

a) Non altera o destino urbanístico do solo (artigo 79.2.a) da LSG), mantendo a clasificación e cualificación urbanística da parcela obxecto do documento.

b) Non incrementa o aproveitamento urbanístico (artigo 79.2.b) da LSG), da parcela, xa que para os equipamentos públicos o PXOM/13 establece que os parámetros urbanísticos son libres.

c) No ámbito do estudo de detalle non hai superficies destinadas a viais, espazos libres, polo que non se ven afectadas. Ademais non reduce as dotacións públicas (artigo 79.2.c) da LSG), entendendo por estas os equipamentos públicos.

d) Non se prevé a apertura de vías de uso público (artigo 79.2.d) da LSG).

e) Non se aumenta a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso (artigo 79.2.e) da LSG), xa que para os equipamentos públicos o PXOM/13 establece que os parámetros urbanísticos son libres.

f) Non parcela o solo (artigo 79.2.f) da LSG).

g) O estudo de detalle ten en conta as determinacións esixidas nos Títulos V e VI, do PXOM/13, sobres Condicións xerais dos usos e Condicións xerais da edificación, respectivamente, e non infrinxen as limitacións que lles impoñe o PXOM (artigo 79.2.g) da LSG).

h) O estudo de detalle mantén o uso dotacional público educativo que lle impón o PXOM/13, definindo no apartado 1.5. da Memoria as condicións estéticas e de composición permitidas polo artigo 79.1.c) da LSG, non establecendo ordenanzas para a edificación (artigo 79.2.h) da LSG).

1.5. DOTACIÓN DE APARCAMENTO NECESARIA.

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 5.2.6.1.- Clase dotacional de equipamento, das NN.UU. do PXOM/13, todos os equipamentos disporán, como mínimo, dunha praza de aparcadoiro para vehículos automóbiles por cada 100 m² edificábeis.

Esta dotación sería esixíbel para o caso de nova construción, xa que de conformidade co disposto no artigo 5.1.5. das normas urbanísticas do plan, para cambios de uso e titularidade de edificios existentes, non resulta esixíbel o cumprimento das dotacións de reserva de aparcadoiro, logo para o caso de mantemento do uso existente non se estará en peor situación que a anterior.

De conformidade coa información que facilita a Oficina Virtual do Catastro inmobiliario, sobre la parcela hai construídos dous edificios coas seguintes superficies:

Centro de ensino3.674,00 m²_s.

Polideportivo2.534,00 m²_s.

O que suporía a necesidade de contar con 62 prazas de aparcadoiro. Na actualidade o centro conta cunha dotación de 20 prazas no interior da parcela.

Na medida na que o estudo de detalle coa nova construcións proposta na parcela, non xerará un aumento da demanda do número de usuarios, poderanse realizar as actuacións proxectadas sobre a parcela, sempre e cando se manteña a dotación de 20 prazas existentes na actualidade.

Non obstante o anterior, tamén cabería a posibilidade de executar un aparcadoiro soterrado, coa finalidade de prever un mínimo de 42 prazas de aparcadoiro adicionais, sempre e cando non se afecte á zona de dominio público hidráulico existente na parcela.

1.6. CONDICIÓN S DE ESTÉTICA E COMPOSICIÓN.

Aos efectos da regulación das condicións estéticas das construcións sobre as parcelas, distinguírase entre as edificacións existentes e as novas previstas no documento.

Sobre as edificacións e elementos existentes na parcela permitirase todo tipo de actuacións, sempre que respecten as determinacións do título VI, capítulo 8.- Condicións estéticas, das normas urbanísticas do PXOM.

Para os novos elementos que se prevé construír na parcela atenderase as seguintes condicións:

- a) A estrutura soporte da cuberta poderá estar realizada en madeira laminada, perfís metálicos, formigón armado ou pretensado ou mestura destes materiais anteriores.
- b) A cuberta será translúcida nun mínimo do 50% da superficie, evitando o emprego de materiais escintilantes.

- c) O elemento de cuberta poderá baixar polas paredes laterais até unha distancia máxima de catro (4) metros do chan, debendo quedar o resto aberto.
- d) Non se autorizará ningún proxecto construtivo, nin ningún outro tipo de documento de definición da actuación, no que se contemple a colocación dos pilares, ou calquera outro elemento de carácter estrutural, sobre a canalización do río Mesoiro de cara a preservación de dita canalización e a protección de persoas e bens.

Toda actuación proxectada na zona de Dominio Público Hidráulico e nas súas zonas de protección necesitará da preceptiva autorización por parte do organismo de cunca.

En todo caso, por mor da inclusión da parcela no territorio histórico do Camiño de Santiago Inglés, os materiais que se empreguen na realización das actuacións sobre esta, deberán cumprir as condicións establecidas no artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe, da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, e artigo 216, do Decreto 143/2016, Regulamento para o desenvolvemento desta, no que resulten de aplicación.

2. MARCO LEGAL E TRAMITACIÓN DO ESTUDO DE DETALLE.

O procedemento de tramitación dos estudos de detalle regúlase no artigo 80 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e no artigo 194, do Decreto 143, do 22 de setembro, regulamento para o desenvolvemento la lei anterior.

Sobre o ámbito asemade resultan de aplicación as determinacións da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, posto que o ámbito do presente instrumento está incluído no Territorio Histórico do Camiño Inglés, delimitado polo Decreto 110/2014, do 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés.

Resultan tamén de aplicación as determinacións contidas no Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas (LA/01), e o Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o regulamento do Dominio Público Hidráulico (RLA/86), xa que pola parcela atravesa a canalización soterrada do río Mesoiro.

Por último, resultarán tamén de aplicación as determinacións da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre Navegación Aérea e no Real Decreto 297/2013, do 26 de abril, polo que se modifica o Decreto 584/1972, do 24 de febreiro, de Servidumes Aeronáuticas, ao estar a parcela incluída na proxección horizontal do cono de servidume exterior do aeroporto de Alvedro.

O documento do “ESTUDIO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE VOLUMES NA PARCELA DO CEIP SAN FRANCISCO JAVIER DA CORUÑA (RD OUTEIRO 70). DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL. XULLO 2016”, redactado pola xefa da oficina técnica de Planeamento municipal á vista da documentación achegada polo Servizo municipal de edificación, foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local do 29 de xullo de 2016.


O anuncio da aprobación inicial foi publicado no DOG nº174, do 13 de setembro de 2016 e no xornal “La Opinión”, do 16 de agosto de 2016, someténdose o expediente ao trámite de información pública polo prazo dun mes (17.08.16 ao 16.09.16).

Asemade, con data 10 de agosto de 2016, solicitáronse os informes da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Servizo de Patrimonio Cultural; Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Servizo de Planificación da Paisaxe e Augas de Galicia; e, Ministerio de Fomento, Dirección Xeral de Aviación Civil, que tiñan un prazo de tres meses para a emisión do informe solicitado.

Durante o período de información pública do estudo de detalle non se produciu alegación algunha respecto do documento.

O día 12 de setembro de 2016, tivo entrada no rexistro municipal o informe do Instituto de Estudos do Territorio, sinalando a innecesariedade da emisión do seu informe ao non tratarse dunha figura de planeamento prevista no artigo 7.2. da Lei 7/2008, de Protección da Paisaxe de Galicia.

O día 21 de setembro de 2016 tivo entrada no rexistro municipal o informe favorable emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, ao considerar que as actuacións proxectadas non definen ningún dos usos ou actividades recollidos no artigo 78 da LPCG/16 como prohibidos, e non estar aprobado o Plan Territorial Integrado previsto no artigo 82 da mesma lei.



Respecto ao réxime de autorizacións, de conformidade co informe e co disposto nos artigos 39, 58, 62, 65 e 82 da LPCG, e a falta dun Plan Territorial dos Camiños de Santiago, as intervencións que se pretendan realizar no ámbito do territorio histórico requirirán autorización pola consellería competente en materia de patrimonio cultural.

O día 14 de novembro de 2016, tivo entrada no Rexistro municipal o informe favorable emitido pola Dirección Xeral de Aviación Civil, impondo unha serie de condicións que deberán ser recollidas no documento.


O día 21 de novembro de 2016 rematou o prazo para a emisión por Augas de Galicia do informe solicitado, sen que se tivera recibido o mesmo no departamento. De conformidade co previsto no artigo 39.3, da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, o informe solicitado deberá de ser emitido no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal, entenderase emitido favorablemente.

Á vista do antedito, o día 30 de novembro de 2016 elaborouse o informe-proposta para a aprobación definitiva polo Pleno municipal e foi ditaminado pola Comisión Informativa de Rexeneración Urbana e Dereito a Vivenda.

Con data 1 de decembro de 2016, denantes da aprobación definitiva do estudo de detalle polo Pleno municipal, Augas de Galicia presentou un escrito no Rexistro municipal, no que se solicita do Concello a realización dun levantamento taquimétrico da canalización soterrada do Río Mesoiro, para os efectos da emisión do seu informe, xa que a documentación que obra en poder da Xunta non conta coa definición nin precisión adecuada para a emisión do informe solicitado. Á vista do anterior, retirouse o estudo de detalle do orde do día do Pleno.

De conformidade co requirimento de Augas de Galicia, con data 14 de decembro de 2016, solicitouse o levantamento topográfico ao seu paso por la parcela, ao Servizo municipal de Infraestruturas, aos efectos da súa achega á administración de augas para a emisión do informe.

Con data 6 de abril de 2017 o xefe de Servizo de Infraestruturas remitiu CD con datos sobre levantamento taquimétrico do Río Monelos, desde o cruce da Rúa Pérez Ardá con Rúa Caballeros até a Prazoleta anexa a Rúa Puente. Esta documentación foi achegada á administración de Augas con data de 10 de abril de 2017, aos efectos da emisión do informe solicitado.



Con data 7 de xuño de 2017 Augas de Galicia solicitou novamente do Concello a achega dun plano coa superposición da canalización do río sobre a parcela obxecto do estudo de detalle, indicando asemade a disposición dos piares da estrutura, ramplas, gradas, etc, petición á que se deu cumprimento co envío da documentación solicitada en data 9 de xuño de 2017.

Finalmente, con data 14 de setembro de 2017, recibíuse no Concello o informe desfavorábel de data 12 de setembro de 2017, emitido pola administración de Augas, no que se sinala que o motivo do informe desfavorábel é a proposta de localización de dous piares de apoio da estrutura de cuberta sobre a canalización do río.

Recibido o anterior informe, foi achegado con data 19 de setembro de 2017 ao Servizo de Edificación municipal, aos efectos de que deseñaran unha nova proposta de cubrición do patio, que cumprira coas condicións sinaladas.


Ante a dificultade de propoñer un volume de edificación coas condicións requiridas polo Servizo de Edificación, situado fóra do dominio público hidráulico, polas características físicas da parcela, á vista de canto antecede, os servizos técnicos do Departamento de Planeamento, durante os meses de decembro de 2017 e xaneiro de 2018, procederon a redactar un novo documento denominado “ESTUDO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE VOLUMES NO CEIP SAN FRANCISCO JAVIER. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA. XANEIRO 2018”, co contido descrito nos apartados 1.4. e 1.5. da memoria xustificativa.

De conformidade co disposto no artigo 77 da Lei 1/2001 de Augas e artigo 78 do Regulamento que a desenvolve, as intervencións que se pretendan realizar no ámbito do dominio público hidráulico, requirirán autorización pola consellería competente en materia de augas.

Con data 25 de xaneiro de 2018, o Concello de A Coruña achegou o documento antedito a Augas de Galicia, que tivo entrada no órgano competente para a emisión do informe o día 30 de xaneiro de 2018.

Con data 19 de marzo de 2018, tivo entrada no Rexistro municipal de María Pita o informe de data 13 de marzo, con carácter favorábel, porén no que se require ao Concello a incluír unhas prescricións denantes da aprobación definitiva do documento.

ESTUDO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE
VOLUMES NO C.E.I.P. SAN FRANCISCO JAVIER
MARZO 2018.






Á vista do sinalado no informe anterior, o Departamento de Planeamento, redactou o presente documento.





PLANOS DE INFORMACIÓN





Aprobado definitivamente por el
Pleno Municipal en sesión de
09 ABR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

 Concello da Coruña Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda		Departamento Planeamento
ESTUDIO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE VOLUMES NA PARCELA DO CEIP S. FCO. JAVIER (RONDA OUTEIRO 70) DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA		
SITUACIÓN DA PARCELA DO CEIP SAN FCO. JAVIER AMBITO DO ESTUDIO DE DETALLE		
ARQUITECTO MUNICIPAL ÓSCAR PEÑA SÁNCHEZ	 ESCALA : A3 1:1.000 	REFERENCIA : RUD2016051 631/2015/382 - EDD 5/15 DELINEACIÓN RGF ENR AIS JCS JLI DATA : Marzo - 2018 FOLLA : PLANO : 1.01

EDD LIMITE ESTUDIO DE DETALLE

Aprobado definitivamente por el
Pleno Municipal en sesión de
09 ABR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

EDD

LIMITE ESTUDO DE DETALLE

EDIFICACIÓNS EXISTENTES

— ALIÑACIÓN OFICIAL EXTERIOR

— ALIÑACIÓN OFICIAL INTERIOR

III ALTURA EXISTENTE

7.73 COTA DA PARCELA (s.n.m.)

(19.11) COTA CORNIXA (s.n.m.)



Concello da Coruña
Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda

Departamento
Planeamento

ESTUDIO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE VOLUMES NA
PARCELA DO CEIP S. FCO. JAVIER (RONDA OUTEIRO 70)

DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

VOLUMES DE EDIFICACIÓN EXISTENTES NA PARCELA DA CARTOGRAFÍA
OFICIAL DO CONCELLO - ESTADO ACTUAL CON IDENTIFICACIÓN DE
ALIÑACIÓNS E RASANTES

ARQUITECTO MUNICIPAL

ÓSCAR PEÑA SÁNCHEZ



ESCALA :


A3 1:500

0 5 10 20 m

FOLLA :

PLANO :

1.02



EDD LIMITE ESTUDO DE DETALLE

LEND A DO PXOM2013

- TERMINO MUNICIPAL
- DELINTE DO DOMINIO PUBLICO MARITIMO-TERRESTRE
- LIMITE INTERIOR DE LA RIBERA DEL MAR
- SERVIDUMBRE DE PROTECCION
- ZONA DE INFLUENCIA
- SUELO URBANO
- SUELO URBANIZABLE DE REGIMEN TRANSITORIO
- SISTEMA GENERAL ADSCRITO
- SUELO URBANIZABLE DE REGIMEN TRANSITORIO
- ALINEACION
- LIMITE DE NORMA ZONAL
- LIMITE DE SISTEMA
- ESPACIOS LIBRES
- EDIFICACION
- ESPECIAL Y PASAJE
- 2.1
- 5
- ELEMENTO CATALOGADO

- AMBITO DE CONTRIBUCIONES ESPECIALES
- AREA DE PLANEAMIENTO INCORPORADO
- AREA DE PLANEAMIENTO DETALLADO
- AREA DE PLANEAMIENTO REMITIDO
- AREA DE PLANEAMIENTO REMITIDO
- PLAN ESPECIAL 44 TRANSFORMACION
- PLAN ESPECIAL 44 MEJORA Y DESARROLLO

- GENERAL LOCAL
- ESPACIOS LIBRES
- EQUIPAMENTOS
- RED VIARIA (RV)
- INFRAESTRUCTURAS
- RED FERROVIARIA (RF)
- ESPACIOS PORTUARIOS (RP)

Aprobado definitivamente por el
Pleno Municipal en sesion de
09 ABR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

- EQUIPAMIENTO
- AD ADMINISTRATIVO
- DF MILITAR
- AS BIENESTAR Y ASISTENCIAL
- DP DEPORTIVO
- ED DOCENTE
- CU CULTURAL
- RE RELIGIOSO
- SN SANITARIO
- AB ABASTECIMIENTO
- EQ CONTINGENCIA
- EL ZONAS VERDES
- PD PARQUES DEPORTIVOS
- INFRAESTRUCTURAS
- IU URBANIZACION
- IE ESTACION DE SERVICIO
- IO OLEODUCTO
- APARCAMIENTO
- (Pb) PUBLICA
- (Pv) PRIVADA
- AMBITO DE PROTECCION
- ELEMENTO DE PROTECCION
- ARQUITECTONICA
- CONTORNO DE PROTECCION



Concello da Coruña
Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda

Departamento
Planeamento

ESTUDIO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE VOLUMES NA
PARCELA DO CEIP S. FCO. JAVIER (RONDA OUTEIRO 70)

DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

PXOM2013. 06 ZONIFICACIÓN

A ARQUITECTA MUNICIPAL

ÓSCAR PEÑA SÁNCHEZ

ESCALA :
A3 1:1.000

0 5 10 20 m


REFERENCIA :
RUD2016051

631/2015/382 - EDD 5/15


DELINEACIÓN
RGF ENR AIS
JCS JLI

DATA :
Marzo - 2018


FOLLA :
PLANO :
1.03



Aprobado definitivamente por el
Pleno Municipal en sesión de
09 ABR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

		Concello da Coruña Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda		Departamento Planeamento	
PLANO 0.9 "SERVIDUMBRES AERONÁUTICAS" DO PXOM2013 ÁMBITO CAMINO SANTIAGO Y CANALIZACIÓN RIO MESOIRO DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA				REFERENCIA : RUD2016051 631/2015/382 - EDD 5/15 DELINEACIÓN RGF ENR AIS JCS JLI	
SERVIDUMBRES E AFECCIONES SOBRE A PARCELA				DATA : Marzo - 2018	
				FOLLA : PLANO : 1.05	
ARQUITECTO MUNICIPAL ÓSCAR PEÑA SÁNCHEZ				ESCALA : A3 1:1.000 	

-  LIMITE ESTUDO DE DETALLE
-  AFECÇÕES AUGAS TRAZADO SOTERRADO DO RIO MONELOS
- SERVIDUMBRES AERONÁUTICAS**
 -  SUPERFICIE CÓNICA
 -  SUPERFICIE HORIZONTAL
 -  ÁMBITO DE VULNERACIÓN POR EL TERRENO
- AFECCIONES PATRIMONIO**
 -  TRAZADO DO CAMIÑO DE SANTIAGO INGLÉS
 -  TERRITORIO HISTÓRICO DO CAMIÑO DE SANTIAGO
 -  FRANXA LATERAL A 3m



EDD LIMITE ESTUDIO DE DETALLE

ÁREAS DE ZONIFICACIÓN ACÚSTICA	Objetivos de Calidad Acústica dB(A)		
	Ld 7-19H	Le 19-23H	Ln 23-7H
SISTEMAS GENERALES DE INFRAESTRUCTURAS	NO APLICA	NO APLICA	NO APLICA

ÁREAS DE ZONIFICACIÓN ACÚSTICA	Objetivos de Calidad Acústica dB(A)		
	Ld 7-19H	Le 19-23H	Ln 23-7H
RESIDENCIAL	65	65	55
INDUSTRIAL	75	75	65
RECREATIVO Y ESPECTÁCULOS	73	73	63

ÁREAS DE ZONIFICACIÓN ACÚSTICA	Objetivos de Calidad Acústica dB(A)		
	Ld 7-19H	Le 19-23H	Ln 23-7H
TERCIARIO	70	70	65
SANITARIO, DOCENTE Y CULTURAL	60	60	50
ESPACIOS NATURALES	55	55	45

Aprobado definitivamente por el
Pleno Municipal en sesión de
09 ABR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.



Concello da Coruña
Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda

Departamento
Planeamento

ESTUDIO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE VOLUMES NA
PARCELA DO CEIP S. FCO. JAVIER (RONDA OUTEIRO 70)
DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA


ZONIFICACIÓN ACÚSTICA SOBRE A PARCELA

ARQUITECTO MUNICIPAL
ÓSCAR PEÑA SÁNCHEZ



ESCALA :
A3 1:1.000
0 5 10 20 m

REFERENCIA :
RUD2016051
631/2015/382 - EDD 5/15
DELINEACIÓN
RGF ENR AIS
JCS JLI
DATA :
Marzo - 2018
FOLLA :
PLANO :
1.06




PLANOS DE ORDENACIÓN

ESTUDO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE
VOLUMES NO C.E.I.P. SAN FRANCISCO JAVIER.
MARZO 2018.



Aprobado definitivamente por el
Pleno Municipal en sesión de
09 ABR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.



ALIÑACIÓN OFICIAIS

- EXTERIOR
- INTERIOR
- ALTURAS PROPOSTAS
- AREA MOVIMIENTO CUBERTA
- DISPOSICIÓN CUBERTA INDICATIVA

CAMIÑO SANTIAGO INGLÉS

- TRAZA DO CAMIÑO DE SANTIAGO INGLÉS
- TERRITORIO HISTÓRICO DO CAMIÑO DE SANTIAGO
- FRANXA LATERAL A 3m

CANALIZACIÓN RIO MESOIRO

- AFECCIÓN AUGAS TRAZADO SOTERRRADO DO RIO MONELOS



Concello da Coruña
Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda

Departamento Planeamento

ESTUDIO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE VOLUMES NA PARCELA DO CEIP S. FCO. JAVIER (RONDA OUTEIRO 70)
DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

ORDENACIÓN VOLUMES PROPOSTA PLANTA


ARQUITECTO MUNICIPAL
ÓSCAR PEÑA SÁNCHEZ



ESCALA :
A3 1:500
0 5 10 20 m


FOLLA :
PLANO :
0.01

REFERENCIA :
RUD2016051
631/2015/382 - EDD 5/15
DELINEACIÓN
RGF ENR AIS
JCS JLI
DATA :
Marzo - 2018




ALZADO 1. Av. Alcalde Pérez Arda



Aprobado definitivamente por el
Pleno Municipal en sesión de
09 ABR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.




ALZADO 2. Calle Roberto Tojeiro Díaz




ALZADO 3. Ronda Outeiro




ALZADO 4. Calle Puente

 		Concello da Coruña Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda		Departamento Planeamento	
ESTUDIO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE VOLUMES NA PARCELA DO CEIP S. FCO. JAVIER (RONDA OUTEIRO 70) DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA				REFERENCIA : RUD2016051	
				631/2015/382 - EDD 5/15	
ORDENACIÓN DE VOLUMES PROPOSTA. ALZADOS				DELINEACIÓN RGF ENR AIS JCS JLI	
				DATA : Marzo - 2018	
ARQUITECTO MUNICIPAL ÓSCAR PEÑA SÁNCHEZ			ESCALA : A3 1:500 	FOLLA :	PLANO :
					0.02


SUPERFICIE CÓNICA EXTERIOR DAS SERVIDUMES AERONÁUTICAS



SECCIÓN PERPENDICULAR AS SERVIDUME AERONÁUTICA



Aprobado definitivamente por el
Pleno Municipal en sesión de
09 ABR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

 		Concello da Coruña Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda		Departamento Planeamento	
ESTUDIO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE VOLUMES NA PARCELA DO CEIP S. FCO. JAVIER (RONDA OUTEIRO 70) DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA				REFERENCIA : RUD2016051	
				631/2015/382 - EDD 5/15	
ORDENACIÓN DE VOLUMES PROPOSTA. SECCIÓN				DELINEACIÓN RGF ENR AIS JCS JLI	
				DATA : Marzo - 2018	
ARQUITECTO MUNICIPAL			ESCALA : A3 1:500 	FOLLA :	PLANO :
ÓSCAR PEÑA SÁNCHEZ					0.03